

AVENTO  
producciones



LARANXUS 7



# Síнопse

Laranxus 7 é un espectáculo de títeres dirixido a público infantil no que se tratan temas como a ecoloxía, a tolerancia, a amizade e a solidariedade.



Verde é un extraterrestre que habita o planeta Laranxus 7. Leva unha vida do máis monótona e aburrída, só e sen ninguén con quen xogar.

Cando o seu planeta é colonizado por uns malvados e horribles invasores, Verde, o noso protagonista, embárcase nunha fantástica viaxe na procura de axuda. A súa odisea levarao a coñecer distintas razas e lugares do universo que acabaran por cambiarlle a súa visión do mundo e a descubrir o verdadeiro valor da amizade.

# Ficha técnica

**Autoría** Avento Producións

**Elenco** Marcos Alonso e Xoan Abreu

**Música orixinal** Crístian Luzza

**Deseño e realización de Títeres**

Gustavo Bríto e Avento Producións

**Escenografía**

Gustavo Bríto e Avento Producións

**Producción**

Merchy Lago e Teatro Avento

**Duración** 55 minutos

**Dirección** Avento Producións

**Necesidades Técnicas :**


Escenario 5m de boca, 4m de fondo, 3,5 de alto

Escuro total na sala



# O espectáculo

Laranxus 7 é un espectáculo infantil creado para entreter e facer pasar un bo rato a País e nenos, pero tamen como ferramenta educativa e formativa, tanto no ámbito escolar como no seo familiar.



# A Compañía

Avento Producións é unha compañía de recente profesionalización que nace en Vigo no seo de Teatro Avento co obxectivo de facer do teatro unha actividade de uso habitual e necesario na vida das persoas. Defendemos que o feito teatral ten que ter un peso específico tanto no ocio dos adultos como na formación, aprendizaxe e divertimento dos máis pequenos.

Queremos levar o teatro a todos os lugares de exposición habituais pero, sobre todo, a eses espacíos onde está a desaparecer na actualidade: a escola, as vilas pequenas, os centros culturais e veciñais...

Entendemos que o teatro ten que ser unha ferramenta de gran utilidade na aprendizaxe e desenvolvemento dos nenos e adultos. Un ente motivador e transmisor do coñecemento pero sen esquecer o compoñente de divertimento e ocio que debe ter o teatro para toda clase de público.

# Avento Producións SOMOS

Xoan Abreu

Licenciado en Dirección pola Escola de Arte Dramático de Galicia, é un Autor, actor e Director de recoñecido prestixio nas Artes Escénicas Galegas. Director da Compañía Teatro Avento dende o 1994 e galardonado con distintos premios a dirección Teatral en Festivais tan prestixiosos coma Garnacha de Haro (La Ríoja), Benavente (Zamora), Utiel (Valencia), Reínoza (Cantabria), Torrelavega ou Dos Hermanas (Sevilla).

Dírixo no 2012 a Montaxe "Mambo" de Escena T, espectáculo que consegue un grande éxito a nivel estatal, e unha pre nominación aos premios María Casares 2013 á Mellor dirección.



## Marcos Alonso

Actor de dilatada traxectoria no teatro galego. Comenza a súa andaina no 1985 en Teatro Atlántida. Dende 1996 forma parte de Teatro Avento co que acada distintos premios ao mellor actor en festivais estatais: Garnacha de Haro (La Ríoja), Benavente, Utiel (Valencia), Reínosa (Cantabria), Barco de Avila e Rivas Vaciamadrid entre outros.

Dende 2010 participa como actor e técnico de luz e son na Compañía Fulano Mengano e Cítano (unha das compañías con máis sona do panorama teatral galego) nas Montaxes "A Louca historia de Galicia", "Viva a Crise" e "Top Manta".



# ARTEFAKTO teatro

*Contacto e contratación:*

*Marcos Alonso (600070074)*

*Rocío Salgado (627165468)*

*marcos@teatroavento.com*

*salgadoperezrocio@gmail.com*